

PROGRAMAS E OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

PROGRAMA INTEGRA

Acadar un ecosistema máis aberto e integrado → Consolidar unha oferta de investigación e innovación avanzada, integrada, ordenada e aliñada coa especialización capaz de dar resposta aos retos da dixitalización e sostibilidade

PROGRAMA INNOVA E EMPRENDE

Equilibrar a excelencia na investigación e a súa aplicabilidade no mercado → Incrementar o número de empresas innovadoras, facilitar que as máis pequenas incorporen a innovación nas diferentes etapas do seu proceso produtivo a partir de proxectos individuais e/ou colaborativos e impulsar o emprendemento nas cadeas de valor

PROGRAMA COMPLETA E TRANSFIRE

Completar e consolidar as cadeas de valor → Impulsar a definición e posta en marcha de proxectos transformadores e de impacto a través da colaboración e transferencia entre dos diferentes axentes público-privados de Galicia

PROGRAMA PERSOAS E TALENTO

Desenvolver o talento → Apostar polas persoas como activo principal para abordar as prioridades da especialización de Galicia

PROGRAMA POSICIONA

Aproveitar a Marca Galicia para posicionarnos en I+D+i → Sentar as bases que impulsen a maior colaboración e presenza na contorna nacional, europea e internacional de empresas, centros de coñecemento e administración

RIS3 Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021 - 2027

Construír o futuro de Galicia
desde o coñecemento e a innovación

- Coordinada coas prioridades da Unión Europea
- Deseñada por e para as persoas
- Enfocada ás pemes
- Aberta ao exterior
- Dirixida a fortalecer o ecosistema de innovación



3 RETOS para transformar a economía e sociedade galegas

- **RETO 1 (R1):** modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación
- **RETO 2 (R2):** modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento
- **RETO 3 (R3):** modelo de vida saudable e envellecemento activo da poboación

3 PRIORIDADES nas que orientar a investigación e a innovación

PRIORIDADE 1: SOSTIBILIDADE

Desenvolver e aplicar diferentes solucións científico-tecnolóxicas e de innovación para avanzar na descarbonización das cadeas de valor, a sostibilidade dos recursos naturais e patrimoniais de Galicia.

Xerar oportunidades para a diversificación cara a produtos sostibles, competitivos internacionalmente, e que melloren o benestar das persoas.

PRIORIDADE 2: DIXITALIZACIÓN

Apoiar o desenvolvemento de tecnoloxías dixitais para impulsar o modelo industrial galego, a xestión e prestación de servizos sanitarios e sociais de calidade, así como a xestión de recursos naturais e culturais.

PRIORIDADE 3: ENFOQUE CARA ÁS PERSOAS

Orientar os esforzos en I+D+i cara ás necesidades e o benestar das persoas. Consolidar Galicia como unha contorna de referencia mundial para o desenvolvemento e teste de novas oportunidades e solucións innovadoras.

ÁMBITOS DE PRIORIZACIÓN

PRIORIDADE 1: SOSTIBILIDADE

- Biocombustible e enerxías renovables (R1, R2)
- Biotecnoloxía agraria, mariña, industrial e ecolóxica (R1, R2)
- Construción sostible (R2)
- Descarbonización das cadeas de valor (R1, R2, R3)
- Desenvolvemento de téxtiles sostibles (R2)
- Economía circular e simbiose industrial (R1, R2)
- Eficiencia enerxética en procesos produtivos, en construción e en mobilidade (R1, R2, R3)
- Materias primas, produtos, envases e embalaxes máis sostibles na cadea de valor alimentaria (R1, R3)
- Mellora, preservación, xestión sostible e posta en valor da biodiversidade (R1)
- Mobilidade urbana e rural (R2, R3)
- Turismo e patrimonio cultural sostible (R1)

PRIORIDADE 2: DIXITALIZACIÓN

- Administración Pública Dixital (R3)
- Desenvolvemento de competencias dixitais e educación dixital (R2)
- Desenvolvemento de propostas de valor ao redor dos recursos naturais, patrimoniais, culturais e turísticos (R1)
- Fabricación avanzada e intelixente (R2)
- Redes intelixentes, flexibilidade e almacenamento enerxético (R2)
- Saúde dixital (R3)
- Soberanía tecnolóxica (desenvolvemento de coñecemento, tecnoloxías e aplicacións innovadoras propias) (R1, R2, R3)
- Tecnificación e dixitalización do sector primario (agricultura, gandería e forestal, pesca e acuicultura) e da industria mineira (R1)
- Xerontotecnoloxías (R3)

PRIORIDADE 3: ENFOQUE CARA ÁS PERSOAS

- Alimentación humana saudable e funcional (R3)
- Deporte, para a promoción da autonomía persoal e mellora da calidade de vida (R3)
- Desenvolvemento de téxtiles intelixentes para saúde e deporte (R2)
- Economía prateada e dos coidados (R3)
- Medicina de prevención, rexenerativa e de precisión (R3)
- Novas solucións de hábitat e modelos de convivencia (R3)
- Saúde animal: veterinaria e alimentación de precisión (R1)
- Turismo saudable baseado en recursos naturais (R3)
- Investigación básica de excelencia e na fronteira do coñecemento

RETO 1 RETO 2 RETO 3

Transversal ao ecosistema de I+D+i